

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

2904 *REAL DECRETO LEI 3/2001, do 9 de febreiro, polo que se adoptan medidas para repara-los danos causados polas inundacións producidas na Comunidade Autónoma de Cataluña como consecuencia das chuvias torrenciais. («BOE» 36, do 10-2-2001.)*

Durante a madrugada do día 10 de xuño de 2000 rexistráronse nas provincias de Barcelona e Tarragona e, en menor medida, na de Lleida, chuvias de carácter torrencial que superaron nalgúns lugares os 200 litros por metro cadrado. Tales chuvias, producidas nun único episodio tormentoso de gran intensidade, ocasionaron unha forte enxurrada incapaz de ser absorbida polo terreo, discorrendo as augas desbordadas de ríos e torrentes por zonas alleas ó seu leito habitual, con arrastre de pedras e lodo de gran poder destructivo.

Desde os momentos iniciais do sinistro e ante a magnitude dos feitos e os seus catastróficos efectos, debe ser salientado o alto grao de colaboración interinstitucional e social posto de manifesto, entre outras actuacións, coa aprobación de disposicións normativas de urxencia, tanto polo Consello Executivo da Xeneralidade de Cataluña, mediante o Decreto 196/2000, do 13 de xuño, sobre adopción de medidas para paliar los danos ocasionados con motivo das chuvieiras de xuño de 2000, e as súas ordes de desenvolvemento, como polo Goberno da Nación, mediante o Real decreto lei 8/2000, do 4 de agosto, polo que se adoptan medidas de carácter urxente para paliar los efectos producidos pola seca e outras adversidades climáticas, actuacións que conteñen todas elas un abano de axudas destinadas a paliar los danos ocasionados sobre vidas humanas, producións agrícolas e gandeiras, infraestructuras viarias e hidráulicas, servicios públicos e privados, vivendas, industrias e comercios.

Non obstante o anterior, en aplicación do principio constitucional de solidariedade, é obxectivo desta norma aprobar, desde os poderes públicos, un catálogo de medidas paliativas e reparadoras, complementarias das xa adoptadas, e que, con contido diverso, afectan distintos departamentos ministeriais, ó mesmo tempo que se establecen precisións para lograr que a aplicación das medidas adoptadas se leve a cabo coa necesaria rapidez, flexibilidade e coordinación entre os órganos da Administración xeral do Estado, da Xeneralidade de Cataluña e das administracións locais afectadas.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro da Presidencia, do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e dos ministros de Facenda, do Interior e de Administracións Públicas, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de febreiro de 2001,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas establecidas neste real decreto lei para a reparación dos danos causados polas chuvias torrenciais caídas na madrugada do 10 de xuño de 2000 sobre a Comunidade Autónoma de Cataluña aplicarán-selles ós municipios dela que figuran relacionados no anexo desta norma.

2. Os proxectos que executen as entidades locais nos termos municipais a que se refire o punto anterior, relativos ás obras de reparación ou restitución de infraestructuras, equipamentos ou instalacións e servicios previstos no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e á rede viaria de titularidade das deputacións provinciais aplicaráselle-lo trámite de urxencia, e o Estado poderá concederlles unha subvención de ata o 50 por 100 do seu custo.

Artigo 2. *Beneficios fiscais.*

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmobles de natureza rústica correspondentes ó exercicio de 2000 que afecten explotacións agrarias situadas nos municipios, que se determinan no anexo desta norma, nas que se producen estragos en colleitas, gandos ou bens, que constitúan sinistros non cubertos por ningunha fórmula de seguranza pública ou privada.

2. Igualmente, e para o mesmo exercicio económico, concédese a exención das cotas do imposto de bens inmobles de natureza urbana que afecten vivendas, establecementos industriais e mercantís, locais de traballo e similares, danados como consecuencia directa das chuvias do día 10 de xuño de 2000, cando se acredite que tanto as persoas coma os bens que neles se atopaban tivesen que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes ata a reparación dos danos sufridos.

3. Concédese unha redución no imposto sobre actividades económicas para o exercicio de 2000 ás industrias, establecementos mercantís e profesionais dos cales os locais de negocios ou bens afectados a esa actividade fosen danados como consecuencia directa das chuvias mencionadas, sempre que tivesen que ser obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ó peche da actividade. A indicada redución será proporcional ó tempo transcorrido desde o día en que se producise o cesamento da actividade ata o seu reinicio en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais ou noutros habilitados para o efecto.

4. As exencións e reducións de cotas nos tributos sinalados nos puntos anteriores comprenderán a das recargas legalmente autorizadas sobre eles.

5. Os contribuíntes que, tendo dereito ós beneficios establecidos nos puntos anteriores, satisfixesen os recibos correspondentes ó dito exercicio fiscal poderán pedi-la devolución das cantidades ingresadas.

6. A diminución de ingresos que as normas deste artigo produzan nos concellos e deputacións provinciais será compensada de conformidade co disposto no artigo 73 da Lei 13/2000, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2001.

Artigo 3. *Réxime de contratación.*

1. Para os efectos previstos no artigo 72 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado por Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, terán a consideración de obras, servicios, adquisicións ou subministracións de emerxencia os de reparación ou mantemento do servizo de infraestruturas e equipamentos, así como as obras de reposición de bens prexudicados pola catástrofe calquera que sexa a súa contía.

2. Declárase urxente a ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización das obras a que se refire este artigo, para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

3. Na tramitación dos expedientes de contratación dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade de terreos a que se refire o artigo 129 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado por Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, sen prexuízo de que a súa ocupación efectiva non se faga ata a formalización da acta de ocupación.

Artigo 4. *Axudas de emerxencia.*

As axudas de emerxencia e de carácter inmediato para paliar os danos causados polo fenómeno atmosférico aludido rexeranse polo establecido na orde do Ministerio do Interior do 18 de marzo de 1993, modificada parcialmente pola do 30 de xullo de 1996, sobre procedemento de concesión de axudas en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia, catástrofes e calamidades públicas.

Artigo 5. *Liña preferencial de crédito.*

O Instituto de Crédito Oficial (ICO), como axencia financeira do Estado, proporá un acordo coas entidades financeiras con implantación na Comunidade Autónoma de Cataluña, polo que o ICO porá, ó dispor delas, liñas de préstamo por importe total de 1.000.000.000 de pesetas, que poderá ser ampliado polo ministro de Economía en función da avaliación dos danos e da demanda de préstamos conseguinte.

Estas liñas de préstamo terán como finalidade anticipa-la reparación ou reposición de instalacións e vehículos industriais, instalacións mercantís, explotacións agrarias e gandeiras e locais de traballo de profesionais, que se visen inutilizados como consecuencia das inundacións, e materializaranse en operacións de préstamo concedidas polas ditas entidades financeiras, que terán as seguintes características:

a) Importe máximo: o do dano avaliado pola delegación ou subdelegación do Goberno da provincia correspondente ou, se é o caso, polo Consorcio de Compensación de Seguros.

b) Prazo: cinco anos, incluído un de carencia de xuros.

c) Xuro: o tipo de cesión polo ICO ás entidades financeiras será o 3 por 100 TAE, cunha marxe máxima de intermediación para elas do 0,75 por 100. En consecuencia, o tipo final máximo para o prestameiro será do 3,75 por 100 TAE.

d) Tramitación: as solicitudes serán presentadas á entidade financeira mediadora, quen decidirá sobre a

concesión do préstamo, e será ó seu cargo o risco da operación.

e) Vixencia da liña: o prazo para a disposición de fondos rematará o día 31 de decembro de 2001.

O quebrando que para o ICO supoña o diferencial entre o custo de mercado da obtención dos recursos e o tipo antes citado do 3 por 100 TAE será cuberto con cargo ós orzamentos xerais do Estado.

A aplicación das indemnizacións á cancelación dos créditos referidos terá carácter preferente fronte a outros destinos alternativos delas.

Artigo 6. *Cooperación coas Administracións locais.*

Facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para propo-lo pagamento das subvencións a que se refire o artigo 1.2, ata un importe de 500 millóns de pesetas, así como para establece-lo procedemento para a concesión das mencionadas subvencións, o seu seguimento e control, no marco da cooperación económica do Estado ós investimentos das entidades locais, de acordo co que establece a disposición adicional primeira do Real decreto 1328/1997, do 1 de agosto, polo que se regula a cooperación económica do Estado ós investimentos das entidades locais.

Disposición adicional primeira. *Competencias da Comunidade Autónoma de Cataluña.*

1. O establecido neste real decreto lei enténdese sen prexuízo das competencias que lle corresponden á dita comunidade autónoma ó abeiro do seu Estatuto de autonomía.

2. A execución do disposto nel poderá levarse a cabo mediante os mecanismos de colaboración que se consideren oportunos coas restantes administracións públicas.

Disposición adicional segunda. *Límite das axudas.*

O valor das axudas concedidas en aplicación deste real decreto lei, no que a danos materiais se refire, non poderá superar en ningún caso a diferenza entre o valor do dano producido e o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, polos mesmos conceptos, puidesen conceder outras administracións e organismos públicos, nacionais ou internacionais, ou correspondesen en virtude da existencia de pólizas de seguro.

Disposición adicional terceira. *Créditos orzamentarios.*

O Ministerio de Facenda, de conformidade co disposto no texto refundido da Lei xeral orzamentaria, habilitará os créditos necesarios para atende-lo custo das medidas que se recollen no artigo 6 deste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Os titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, dictarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución coordinada do establecido neste real decreto lei, en relación co contido doutras normas aprobadas con anterioridade con igual causa.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de febreiro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

ANEXO

Provincia de Barcelona

Abrera, Aguilar de Segarra, Balsareny, El Bruc, Cabrerá d'Igualada, Calders, Calonge de Segarra, Callús, Cardona, Caltellbell i El Vilar, Castellbisbal, Castellet i la Gornal, Castellfollit do Boix, Castellfollit de Riubregós, Castellgalí, Castellnou de Bages, Castellolí, Castellví de la Marca, Castellví de Rosanes, Collbató, Esparreguera, Fonollosa, Gelida, Els Hostalets de Pierola, Igualada, La Llacuna, Manresa, Marganell, Martorell, Masquefa, Moia, Molins de Rei, Olvan, Pallejà, Piera, Pontons, Prat de Llobregat, Pujalt, La Quar, Rajadell, Rellinars, Sant Andreu de la Barca, Sant Boi de Llobregat, Sant Esteve Sesrovires, Sant Fruitós de Bages, Sant Joan Despí, Sant Joan de Vilatorrada, Sant Llorenç d'Hortons, Sant Martí Sarroca, Sant Mateu de Bages, Sant Sadurn d'anoia, Sant Salvador de Guardiola, Sant Vicenç del Horts, Sant Vicenç de Castellet, Santa Coloma de Cervelló, Sitges, Súria, La Torre de Claramunt, Torrelles, Torrelles de Foix, Viladecans, Vilobí del Penedés, Viver i Serrateix, Monistrol de Monserrat, Montclar de Berga, Montmajor, Navàs, Olesa de Bonesvalls, Olesa de Monserrat.

Provincia de Lleida

Algerri, Massoteres, Els Plans de Sió, Sanaüja, Ivorra, Torà, Biosca, La Molsosa, Navès, Olius, Pinell del Solsonés, Pinós, Ponts, Riner, Lladorre, Ivars e Noguera, Os de Balaguer, Oliola, Ager.

Provincia de Tarragona

Aiguamúrcia, Albinyana, Alcanar, Alió, Almofter, Ampolla, L'Arboç, Arnes, Banyeres do Penedès, Batea, Bellvei, Bisbal do Penedès, Cabra do Camp, Calafell, Cunit, Figuerola do Camp, Llorenç do Penedés, Masllorenç, Montmell, Perelló, Pont d'Argentera, Querol, Rodonyà, Sant Jaume dels Domenys, Santa Oliva, Sarral, Valls, Vendrell, Vila-rodona.

3319 *REAL DECRETO LEI 4/2001, do 16 de febreiro, sobre o réxime de intervención administrativa aplicable á valorización enerxética de fariñas de orixe animal procedentes da transformación de restos e cadáveres de animais. («BOE» 42, do 17-2-2001.)*

Mediante os Reais decretos 1911/2000, do 24 de novembro, e 3454/2000, do 22 de decembro, e de acordo co establecido na normativa comunitaria, puxéronse en marcha unha serie de medidas para a erradicación e o control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais das especies bovina, ovina e caprina, que, entre outros aspectos, inclúen a prohibición de utilizar fariñas de orixe animal na alimentación dos animais de produción (ata agora só prohibidas para a alimentación dos ruminantes) e a de separalos mate-

riais especificados de risco para a súa posterior destrución en condicións adecuadas de salubridade e hixiene. Neste sentido, se a destrución dos materiais especificados de risco se leva a cabo mediante a súa transformación en fariñas a través dun proceso no que se cumpran os requisitos de temperatura, presión e tempo de residencia establecidos no anexo I do Real decreto 1911/2000, producírase a inactivación do príon causante da enfermidade e, consecuentemente, as fariñas resultantes do proceso de transformación perderon o seu carácter infeccioso e poden, polo tanto, ser xestioadas como calquera residuo non perigoso, ben mediante a súa valorización enerxética ou ben mediante o seu depósito en vertedoiros autorizados para isto.

As anteriores medidas viñeron significar, entre outras consecuencias, a xeración dunha cantidade inxente de produtos —as fariñas de orixe animal— que ata agora non tiñan a consideración de residuos, na medida en que eran utilizadas de forma ordinaria para a alimentación de determinados animais e agora se converteron nun residuo debido á obriga que teñen os seus titulares de desprenderse delas.

Desde o punto de vista ambiental, e partindo da base de que nos encontramos ante fariñas transformadas nas que se inactivou o príon causante da enfermidade, é preferible a valorización enerxética destas fariñas ó depósito en vertedoiro, tendo en conta a orde de preferencias nas opcións de xestión de residuos establecido na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e na estratexia comunitaria sobre residuos.

Por outro lado, a valorización enerxética destas fariñas en fornos de industrias cimenteiras ou de produtos cerámicos (como baldosas, azulexos, ladrillos ou produtos similares) ou en centrais térmicas, utilizándoas como combustible substitutivo do que habitualmente empregan estas instalacións, unicamente require unha mínima adaptación técnica do alimentador do combustible destas, polo que pode entenderse que en ningún modo isto vai supor un incremento da incidencia ambiental do seu funcionamento. Igualmente, con esta valorización enerxética obtense unha vantaxe ambiental engadida na medida en que, por un lado, a carga ambiental da utilización de fariñas de orixe animal no proceso de combustión, expresada fundamentalmente en termos de contaminación atmosférica, é inferior á que se orixina coa utilización de combustibles convencionais e, por outro, produciríase unha redución na utilización de combustibles fósiles e, consecuentemente, unha diminución na emisión de gases de efecto invernadoiro. Finalmente, a valorización enerxética destas fariñas transformadas en fornos de industrias cimenteiras ou de produtos cerámicos achega a vantaxe ambiental engadida de que se incorporan ó proceso de produción trala combustión.

En canto ás determinacións establecidas na normativa comunitaria sobre a valorización de residuos non perigosos, a Directiva 75/442/CEE, relativa ós residuos, modificada pola Directiva 91/156/CE, do Consello, do 18 de marzo, establece no seu artigo 10 que as actividades de valorización de todo tipo de residuos teñen que someterse a autorización administrativa previa. Non obstante, a propia directiva outórgalles ós Estados membros, no artigo 11.1.b), a potestade de eximir da mencionada autorización sempre e cando se dicten normas xerais para cada actividade nas que se fixen os tipos e cantidades de residuos que se van valorizar e as condicións nas que a citada actividade pode quedar dispensada da autorización, coa peculiaridade engadida de que, se se trata de residuos non perigosos, como é o caso das fariñas transformadas obxecto do presente real decreto lei, non é necesario que tal actuación teña que ser autorizada previamente pola Comisión Europea (tal como se estableceu para os residuos perigosos no arti-